



Esta semana celébranse as segundas charlas virtuais de R sobre o programa 'Kit Dixital' de axudas a empresas con Fondos 'Next Generation'

R, axente dixitalizador, xa xestiona o bono dixital de empresas galegas e asesóras para que aproveiten ao máximo o 'Kit Dixital'

- *O programa 'Kit Dixital' conta cun orzamento de 3.000 millóns de euros dos fondos europeos "Next Generation EU" enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para impulsar a recuperación económica e social de pequenas e medianas empresas tras a pandemia.*
- *Neste segundo webinario triplo de R sobre o 'Kit Dixital', o operador galego e algúns dos seus socios tecnolóxicos explicaranlles aos responsables e profesionais do sector como axudalos a acadar solucións dixitais adaptadas á conxuntura empresarial de cada negocio.*
- *Os/as participantes coñecerán tamén, ao longo das tres xornadas, os pasos esenciais que as pemes deben dar para ser quen de tirarlle todo o partido ás axudas europeas e competir en calquera mercado a calquera nivel.*
- *R é axente dixitalizador en todas as categorías e xa lles está xestionando a solicitude do bono dixital a moitas empresas galegas sen custo ningún.*

Luns, 4 de abril de 2022.- R, en colaboración con algúns dos seus socios tecnolóxicos, desenvolverá dende mañá e ata o xoves a segunda edición tripla do webinario sobre o '**Kit Dixital**', celebrado por vez primeira no mes de febreiro cun balance que daquela rachou por completo as expectativas de asistencia, acadando o número de 300 inscritos/as. Arestora, a idea é lles explicar aos/ás participantes de que xeito R xestiona xa de balde o bono de moitas empresas (representante voluntario) e como pode axudalas a atopar a **solución dixital** máis axeitada en función dos seus respectivos perfís e da situación de cada un dos negocios.

O operador galego segue a traballar para que as pemes da comunidade lles tiren todo o partido ás axudas dos fondos “Next Generation” a través do devandito programa do Goberno de España “Kit Dixital”.

En este relato, **R xa é axente dixitalizador**, tras ser elixido oficialmente como tal o mes pasado **en todas as categorías recollidas** para exercer ese papel asesor e xestor do proceso de dixitalización das empresas en Galicia. Entre as devanditas áreas nas que o operador galego está autorizado como axente figuran as de sitio web e comercio electrónico, páxina web, xestión de redes, Intelixencia de clientes e analíticas, xestión de clientes e de procesos, factura electrónica, oficina virtual, ciberseguridade e comunicacións seguras.

De todo isto falarase na segunda edición do webinar sobre o programa ‘Kit Dixital’, outra vez dirixido especialmente a **pemes de 10 a 49 empregados**.

Solucións dixitais para pemes, polo miúdo

“*Soluciones digitales: ¿y ahora qué?*” Baixo este título desenvolveranse as tres xornadas das charlas explicativas en liña na que van participar activamente os socios tecnolóxicos de **R**. Os/as expertos/as explicaranlles aos/as asistentes as solucións dixitais máis axeitadas ao seu alcance para, unha vez solicitadas e concedidas as axudas do bono, decidir en que investilas e tirarlles o máximo partido.

Tratarase de sesións dinámicas dunha hora que terán lugar mañá martes, día 5, o mércores 6 e o xoves 7 de abril, ás 9:30 h en formato virtual. Para apuntarse tan só é preciso premer este enlace e cumprimentar a inscrición (<https://blogempresas.mundo-r.com/gl/eventos/ii-charla-informativa-do-programa-kit-digital/>)

O programa do webinar triplo é o seguinte:

Martes, 5 de abril. 9:30 h

Como facer crecer a empresa na internet, cara a un negocio cada vez máis dixital.

- Construír a **propia web**.
- Crear unha **tenda en liña**.
- Interactuar cos/as clientes/as **nas redes sociais**.
- Identificar, recoller e **analizar os datos** para tirarlles o maior rendemento.

Mércores, 6 de abril. 9:30 h

Solucións dixitais para xestionar e automatizar a empresa:

- Identificar, recoller e **analizar datos** para extraerlles rendemento máximo.
- Xestión de CRM: ferramenta para a **xestión integral e a relación cos/coas clientes/as**.
- Procesos e ferramentas para xestionar e automatizar toda a **información financeira**.
- **Factura electrónica** | solución para aforrar tempo e axilizar os procesos administrativos cos/as clientes/as.

Xoves, 7 de abril. 9:30 h

Como dispoñer dunha oficina virtual e teletraballo garantindo a seguridade nas túas comunicacións

- Servizos e ferramentas para a **oficina virtual**.
- **Ciberseguridade** no ecosistema da empresa.
- **Comunicacións seguras** en todos os dispositivos.

Bonos de dixitalización e un millón de empresas

O programa 'Kit Dixital' é unha iniciativa aprobada polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital español. Cun orzamento total de 3.000 millóns de euros procedentes dos fondos Next Generation EU, facilitaranse axudas para dixitalizar **un millón de pequenas empresas, microempresas e traballadores autónomos** pertencentes a calquera sector ou tipoloxía de negocio.

Os bonos poden alcanzar un máximo de **12.000 €** para empresas de 10 a 49 empregados, **6.000 €** para microempresas de entre 3 e 9 empregados e **2.000 €** para as que teñan entre 1 e 2 traballadores.

R, axente dixitalizador

R propón un **seguimento e asesoramento único** a cada solicitante e pon á súa disposición unha gama ampla de **servizos** orientados á dixitalización do negocio á vez que se brinda para a **tramitación das axudas** (bonos) e a **implantación** posterior dos servizos. **R** acompañará e asesorará pequenas e medianas empresas para dotalas de solucións áxiles e sinxelas botando man de **alianzas estratéxicas**, mesmo con pemes nacionais e locais para lograr solucións específicas e estará, así mesmo, xunto aos negocios que precisen axuda para realizar o **test de madurez dixital**, dispoñible no portal oficial [Acelera Pyme](#).

Como 'axente dixitalizador', **R implantará esas solucións e daralles servizo** durante os 12 meses da axuda ás pemes que xestionen con ela o bono dixital, sexan ou non clientas, e prolongará o devandito servizo no tempo, se a empresa así o decide.

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal

